



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación e ante o Alcalde en relación coa demanda da aplicación da Ley de Memoria Histórica no concello de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No noso concello quedan varios símbolos franquistas na paisaxe urbana. Só por citar uns exemplos: o escudo preconstitucional da capitanía, o símbolo da falanxe en varias fontes e o sangrante caso do nome da rúa Xeral Franco no centro da nosa cidade.

Son moitos os colectivos e persoas que se sorprenden que aínda teñamos no noso entorno todos estes símbolos. Dende o BNG xa temos solicitado anteriormente que se procedera a eliminar esta simboloxía que recorda a unha ideoloxía totalitaria e asesina, da que seguro ninguén se considera herdeiro.

A Ley, en vigor, 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura -máis coñecida como Ley de Memoria histórica- establece no seu artigo 15 sobre Símbolos e monumentos públicos o seguinte:

“ As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, personal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Dictadura.”

Ante esto o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

1º) Que o concello de Ribeira, **cumpla a Ley 52/2007, de 26 de decembro de Memoria Histórica e retire: escudos, placas e demais simboloxía franquista.**

2º) Que o concello de Ribeira **cambie o nome da rúas que connoten a exaltación do antigo réxime totalitario por outros adaptados á nosa realidade galega.**

Ribeira, 6 de Xuño de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada